



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, A XORNADA COMPLETA, DE 5 TRABALLADORES/AS PARA O SERVIZO DENOMINADO “BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS” AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, DURANTE OS ANOS 2016, 2017 E 2018, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección para contratar “UNHA BRIGADA” de prevención e defensa contra incendios forestais ao abeiro do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Concello de Vilariño de Conso para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais. A brigada estará **composta por cinco membros**, un/unha xefe/a de brigada, un/unha peón condutor e tres peóns, sendo o soldo de xefe de brigada de 1.200,00 Euros brutos mensuais e o dos peóns e peóns-condutor de 982,53 Euros brutos mensuais incluíndo a parte proporcional das pagas extras.

SEGUNDA.- NATUREZA DO CONTRATO

A natureza dos contratos será laboral temporal ao abeiro da lexislación vixente, iniciándose a prestación desde a data da sinatura do contrato ou a alta de dito contrato, e por un período de 3 meses, ou data prevista segundo o establecido no Convenio asinado coa Consellería de Medio Rural. Os primeiros quince días serán o período de proba.

TERCEIRA.- RÉXIME XURÍDICO DA CONVOCATORIA

A relación rexerá pola lexislación laboral sendo de aplicación principalmente o RD 2720/1998, do 18 de decembro polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos Traballadores en materia de contratos de duración determinada, sen prexuízo das normas administrativas que sexan de aplicación ao persoal ao servizo das Administracións Públicas e especialmente ás locais, e en especial o Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilariño de Conso para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa.


CUARTA.- REQUISITOS PARA CONCURRIR

Para tomar parte na convocatoria, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Nacionalidade:



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

- Ter nacionalidade española.
- Ser nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea.
- Ser nacional dalgún Estado no que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- Poderán participar, tamén, calquera que sexa a súa nacionalidade, os cónxuxes de españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e dos seus conxuxes sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes.
- Ter residencia legal en España, en caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos apartados anteriores.
- b) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das súas funcións.
- c) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima da xubilación forzosa.
- d) Incompatibilidade: Non estar afectado por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- e) Habilitación: Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. En caso de ser nacional doutro estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que lle impida, no seu estado, e nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- f) Titulacións. Estar en posesión das seguintes titulacións:
 - 1.- Para o xefe de brigada: Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballo Forestais e Conservación do Medio Natural ou Formación Profesional Equivalente. Deberá posuír o carné de conducir clase B.
No seu defecto, e de se-lo caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtela titulación esixida.
 - 2.- Para o peón condutor: Agrupacións profesionais sen requisito de titulación. Deberá posuír o carné de conducir clase B.
 - 3.- Para os peóns: Agrupacións profesionais sen requisito de titulación.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite de xeito fidedigno a súa homologación.



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

Tódolos requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión do solicitante o día que remate o prazo de presentación de solicitudes.

QUINTA.- FUNCÍONS

As funcións a realizar por tódolos membros integrantes da brigada serán as que se especifican a continuación tal e como recolle o convenio de colaboración asinado coa Xunta e cofinanciado co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020:

-Traballos de vixilancia e defensa contra os incendios forestais: colaborarase prioritariamente con respecto a outros traballos na defensa contra os incendios forestais integrándose no dispositivo do Distrito Forestal onde está situado o concello, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais e o Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (en adiante Pladiga). Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderán colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

-Labores encamiñadas á prevención que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes traballos desenvolveranse en faixas de xestión de biomasa ou nos terreos forestais de titularidade municipal ou de propietario descoñecido, así como en vías e camiños forestais da súa titularidade cando non sexa posible mecanizar estes traballos.

O xefe de brigada será o responsable e coordinador do funcionamento da brigada mantendo as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal. Tódolos membros das brigadas deberán ter plena dispoñibilidade (incluíndo domingos, festivos, quendas de noite... segundo necesidades do servizo e en coordinación do Distrito Forestal).

SEXTA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR E PRAZO.

As solicitudes para participar no presente procedemento de selección formalizaranse no modelo de instancia que se xunta a estas bases e dirixiranse ao Sr. Alcalde, presentándose no Rexistro Xeral do Concello de Vilariño de Conso en horario de 8:30 a 14:30 horas de luns a venres, ou polas outras formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, durante o prazo de **5 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas. A documentación a incluír será a mesma que si se presentase a solicitude no Rexistro Xeral do Concello. **En tódolos casos en que se optase pola presentación da solicitude nun rexistro diferente ao do Concello de Vilariño de Conso deberá enviarse vía fax ao concello copia do rexistro no que se presentou, no que conste a data de**



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

presentación. Dito fax a remitir ao concello deberá enviarse antes da finalización do prazo de presentación das solicitudes (fax: 988-340269).

Xunto coa instancia (ANEXO I), deberá achegarse a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou pasaporte en vigor.
Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún estado o cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. E así mesmo, os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia cotexada dun documento que acredite esta condición.

Os aspirantes estranxeiros distintos dos anteriores deberán presentar ademais da fotocopia cotexada do pasaporte, a tarxeta de identidade de estranxeiro que habilita para residir en España e traballar nas prazas ofertadas.
- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público. (anexo II)
- Fotocopia compulsada da titulación requirida para o acceso ós postos. No seu defecto, e de ser o caso, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo; no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación do Ministerio de Educación e Ciencia en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso.
- Cando proceda, fotocopia compulsada do permiso de circulación esixido, vixente, e que teña validez para poder ser utilizado en territorio nacional español.
- Certificado médico ou declaración xurada (anexo III) de non padecer enfermidade, limitación ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reúne as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que deberá realizar xunto co recoñecemento médico previo á contratación.
- Relación de méritos que alega e documentación **xustificativa orixinal ou debidamente compulsada** de cada un deles.



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

SÉTIMA.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases polo sistema de concurso de méritos, cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Fase de concurso: (puntuación máxima de 16 puntos).

1.-Experiencia profesional:

A puntuación máxima que se poderá obter por este apartado sería de 5 puntos.

Por cada mes completo de servizos remunerados realizando traballos na prevención e defensa contra incendios forestais e coa mesma ou similar categoría á que se opta: 0,10 puntos/mes.

Soamente se terán en conta meses completos, non puntuándose períodos fraccionados. A puntuación reducirase proporcionalmente cando os servizos prestados sexan a tempo parcial.

Para a xustificación deste apartado, os/as aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada de **informe de vida laboral** expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias compulsadas dos **contratos de traballo ou certificados de servizos prestados** onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará.

2.-Estar en situación de desemprego:

Pola inscrición acreditada como demandante de emprego: 0,10 puntos/mes, ata un máximo de 2 puntos.

Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma.

3.-Formación previa: (puntuación máxima 3 puntos)

Cursos impartidos por centros oficiais ou organizados ou impartidos por centros de formación dependentes das administracións públicas, e sempre relacionados coas funcións propias da praza á que se aspira:

- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos.
- Cursos de 21 a 50 horas: 0,20 puntos.
- Cursos de máis de 51 horas: 0,50 puntos.



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia compulsada dos certificados ou diplomas acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas do curso, entenderase que ten unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos.

Non serán obxecto de valoración as certificacións de academias privadas se non se xustifica a preceptiva homologación.

Unicamente se atenderá os cursos acreditados segundo o exposto, non valorándose xornadas, conferencias, seminarios,...

4.-Coñecemento da lingua galega: (puntuación máxima 1 puntos)

Computarase unicamente o grao superior alegado.

-CELGA 2: 0,40

-Curso de iniciación ao galego ou CELGA 3: 0,60

-Curso de perfeccionamento ou CELGA 4: 0,80

-Curso superior: 1,00

No caso de non acreditarse ningún dos grados anteriores, a entrevista persoal será realizada en galego a cargo do tribunal ou comisión de valoración, outorgándolle unha puntuación máxima de 0,20

5.- Entrevista persoal. (puntuación máxima 5 puntos)

A entrevista, que será obrigatoria, servirá para valorar non só o coñecemento do medio se non tamén as funcións, cometidos e coñecemento do material a utilizar no desenvolvemento da súa labor.

OITAVA.- TRIBUNAIS DE SELECCIÓN.

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado como mínimo, por un presidente, dous vogais e un secretario cos seus respectivos suplentes, sendo nomeados polo Alcalde-Presidente da Corporación:

Tódolos membros do tribunal, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto (agás o secretario, que terá voz pero non voto).

Segundo o recollido no art. 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó Excmo. Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do réxime xurídico do Sector Público, ou se realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O/A presidente/a do tribunal poderá requirir aos membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ao previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ao procedemento, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un prazo de **dous días hábiles** contados dende o día seguinte ao da publicación da lista, para reclamacións, correccións de erros ou subsanacións que soamente poderán ser formuladas polas persoas excluídas.

No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoo ou desestimándoo con publicación de novo da lista definitiva. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

Por Resolución de Alcaldía determinarase o lugar, data e hora de realización da entrevista, que será publicada no taboleiro de edictos do Concello



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

de Vilariño de Conso. Os aspirantes serán así convocados para a realización da entrevista en chamamento único, sendo excluídos da selección os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificados. Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

O tribunal procederá á realización da entrevista, e en segundo lugar procederase á valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios do Concello as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valorar os méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos **(orixinais ou fotocopias compulsadas)**; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Tódalas notificacións que se realicen respecto ao presente procedemento de selección, levaranse a cabo, de acordo co establecido nos art. 40 a 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello.

A información de carácter persoal contida nas mesmas será posíbel baixo a consideración de que os/as aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando tomar parte no proceso, dan a súa autorización para que se empreguen os seus datos persoais.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia á puntuación obtida dentro da experiencia profesional; de persistir o empate, a puntuación obtida na entrevista.

O Tribunal, en ningún caso, poderá propoñer un número superior de aspirantes a contratar que o de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

DÉCIMA.- PROPOSTA E NOMEAMENTO.

Valorados tódolos méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas, o tribunal formulará a proposta de nomeamento a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, publicándose no Taboleiro de Anuncios.

Os/as aspirantes seleccionados/as realizarán obrigatoriamente nas datas que se determinen un **recoñecemento médico** e unha **proba de aptitude física de esforzo** para poder comprobar as súas condicións de saúde para o traballo a



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

realizar; ditas probas valoraranse como apta ou non apta, sendo un dos requisitos para poder ser contratado/a acadar a valoración de apto/a tanto no recoñecemento médico como na proba física de esforzo.

No suposto de non superarse o recoñecemento médico ou a proba de aptitude física entón seguirase chamando os/as aspirantes pola orde de puntuación acadada no presente procedemento.

Previo á formalización dos contratos, os/as aspirantes seleccionados/as deberán realizar obrigatoriamente un **curso** de formación organizado por este concello de carácter **teórico -práctico** que versará sobre a prevención e defensa contra incendios forestais; en caso contrario, que o/a aspirante non realizase o curso, entón non será contratado/a, quedando anuladas tódalas súas actuacións e non tendo ningún dereito respecto a este concello, pasando neste suposto a chamarse á persoa que corresponda segundo a puntuación acadada no procedemento de selección.

Ata que se formalicen os contratos e se incorporen os/as traballadores/as ós postos, estes/as non terán dereito á percepción económica algunha.

O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

UNDÉCIMA.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO

Con todos aqueles/as aspirantes que non sexan propostos/as para a súa contratación, elaborárase unha bolsa de traballo ou lista de reserva, unha para cada categoría, e que se configurará por orde de puntuación obtida no procedemento, coa finalidade de acudir a ela para cubrir os postos obxecto da presente convocatoria nos supostos do artigo 15 do Estatuto dos Traballadores (baixas, substitucións, etc.).

No suposto de acudir á bolsa de traballo, soamente procederá a formalizarse o contrato sempre e cando se supere o recoñecemento médico, a proba de aptitude física de esforzo e o curso que obrigatoriamente hai que facer.

A bolsa estará vixente ata a data de finalización do convenio que se asina coa Xunta e a través do cal se realizan as presentes contratacións.

Cando sexa necesario acudir á mencionada bolsa, sendo o concello quen decide esta situación, seleccionarase ó/á primeiro/a da bolsa e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto, o que suporá quedar excluído/a definitivamente da bolsa, salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando, enfermo/a, non estar dispoñible por estar ó coidado dun/dunha familiar enfermo/a ou estar realizando algún curso de



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

formación presencial coa finalidade de situarse en mellores condicións para acceder ó mercado laboral, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria.

Se un/unha aspirante presenta a renuncia durante a vixencia do contrato pasará a ocupar o último lugar da bolsa.

Os/As aspirantes que estivera/n contratados/as, unha vez rematado o período de contratación volverán a ocupar o lugar que tiñan na lista por orde de puntuación.

DUODÉCIMA.- INCIDENCIAS

Contra estas bases, a convocatoria e cantos actos se deriven das mesmas e da actuación do tribunal, poderanse interpoñer impugnacións polos/as interesados/as nos casos e na forma previstos pola Lei 30/2015, de 1 de outubro.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para o bo desenvolvemento do proceso naqueles aspectos non previstos por estas bases.

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

Tendo en conta a natureza das labores a realizar, os integrantes das brigadas deberán cumprir estrictamente coa utilización dos EPIs, así como coas medidas de seguridade e prevención necesarias para o desenvolvemento desta tarefa de risco, para os que se equipa e imparte formación, así mesmo serán responsables de manter en bó estado o referido equipamento e ferramentas das que se lles farán entrega no momento do inicio da actividade, que deberán ser devoltas ao Concello unha vez rematada a mesma. En caso que por causas inxustificadas non se proceda a entrega ou non se atopen nas debidas condicións deberán reintegrar o seu importe a este Organismo. Así mesmo deberán asistir ás xornadas de traballo en debidas condicións físicas. En caso de que nalgún momento esto non suceda e previo informe do Xefe de Brigada ou Persoal responsable do Distrito Forestal, incurran en algunha desta circunstancias ou outro tipo de faltas graves adoptaranse as medidas legais contempladas na lexislación vixente sobre a materia, dado que por ser un traballo en grupo o comportamento de cada integrante afecta a todo o conxunto de traballo e /ou pode ocasionar outro tipo de danos ou perxuizos a terceiros.

En Vilariño de Conso, a 5 de xuño de 2017.


O ALCALDE.



D. Ventura Sierra Vázquez.



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

DILIXENCIA.- Para facer constar que as presentes bases para a contratación laboral temporal do persoal integrante de unha brigada de prevención e extinción de incendios, foron as aprobadas por Decreto de Alcaldía de data 5 de xuño de 2017.

En Vilariño de Conso, a 5 de xuño de 2017.

A SECRETARIA.

Asdo: Ana María Loureiro Silva.



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....
provisto/a de D.N.I.nº..... con enderezo na R/
.....nº..... piso..... C.Postal.....
Localidade..... Municipio..... Provincia.....
Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Vilariño de Conso para a contratación laboral temporal (contrato de servizo determinado), a xornada completa, de:

- ☐ 1 Xefe de Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.
- ☐ 1 Peón-condutor de Brigada prevención e defensa contra incendios forestais.
- ☐ 3 Peóns de brigada prevención e defensa contra incendios forestais.

Márquese o/s posto/s ao/s que se pretende optar, podéndose presentar cunha mesma solicitude a diferentes categorías.

DECLARO:

1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ao referido procedemento, e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

3º.- Que autorizo ó Concello de Vilariño de Conso para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e paxina web www.vilarinodeconso.es ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

En, de..... de 2017.

Asdo.:.....

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO.



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es



CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a
provisto/a de D.N.I.nº..... con enderezo na R/
.....nº.....C.Postal.....
Localidade.....Municipio.....Provincia.....
Teléfono.....

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ao Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; -no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o aceso ao emprego público.

En, a.....de.....2017

Asdo:



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)

(Anexo III)

DECLARACIÓN XURADA

D/a.....
provisto/a de D.N.I.nº..... con enderezo na R/
.....nº..... piso....C.Postal.....
Localidade.....Municipio.....Provincia.....
Teléfono.....

DECLARO:

Que non padezco enfermidade, limitación ou defecto físico ou psíquico que impida o desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo, así como que reuno as condicións físicas necesarias para superar a proba física de esforzo que se realizara xunto co recoñecemento médico previo á contratación.

En, a de de 2017.

Asdo:.....



Rua do museo, 3 32557 - Vilariño de Conso (Ourense)
Tl. 988 340 302 / 988 340 410 Fax. 988 340 269
concello.vilarinodeconso@eidolocal.es

CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO (OURENSE)



**RELACIÓN DE MÉRITOS QUE SE APORTAN PARA A SÚA
VALORACIÓN:**

(Indicar a forma en que se acreditan):

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-

En, a.....de.....2017

Asdo: